

PROCESOS DE CREACIÓN ENTRE A LITERATURA E O XORNALISMO

CREATIVE PROCESSES BETWEEN LITERATURE AND JOURNALISM

Alberto Ramos

Resumo: As canles polas que transitan o xornalismo e a literatura comparten transvases, como é ben sabido, dende a aparición mesma das primeiras publicacións de carácter informativa. Constitúen dúas esferas que, ademais de apostar pola hibridación ou pola mestizaxe, tenden a se contaminar tanto en recursos coma en medios, fórmulas, formatos ou obxectivos. Os procesos de creación literaria enléanse do nobelo, por momentos confuso, que se constitúe cos fíos de dous oficios ás veces complementarios e ás veces coincidentes, malia que en moitos casos e nun estrito senso deberan ser incluso antagónicos. Consideracións desta natureza conflúen de forma recorrente nos autores e nas autoras nas que converxen ou converxeron estas dúas actividades. Na xornada *Voces da narrativa: diálogos entre novas voces das letras galegas*, organizada pola Real Academia Galega en novembro de 2023, abordouse este aspecto a través da experiencia creativa do autor das seguintes páxinas.

Abstract: The channels through which journalism and literature travel have culminated in shared places, as is well known, since the very appearance of the first informative publications. They constitute two spheres which, in addition to leading towards hybridization or miscegenation, tend to be contaminated both in resources and in means, formulas, formats or objectives. The processes of literary creation are derived from the at times confusing tangling of the threads of two trades that are sometimes complementary and sometimes coincident, although in many cases and strictly speaking they should even oppose each other. Considerations of this nature can be found recurrently in the authors in which these two activities converge or have converged. In the *Voces da narrativa: diálogos entre novas voces das letras galegas* conference, organized by the Royal Galician Academy in November 2023, this aspect was addressed through the creative experience of the author of the following pages.

Palabras chave: *Voces da narrativa*, xornalismo e literatura, hibridación de xéneros, hemeroteca, documentación literaria, pacto de ficción.

Key words: *Voces da narrativa*, journalism and literature, genre hybridization, newspaper archive, literary documentation, fictional contract.

Nada hai de insólito ou sorprendente, nin sequera de orixinal, nas afirmacións que se desenvolverán nas seguintes liñas ao redor das relacións entre o xornalismo e mais a literatura. Esta simbiose entre dous mundos complementarios nos recursos, aínda que antagónicos nos seus obxectivos, é unha relación xenerosamente tratada e, con moita probabilidade, abordada en exceso. Malia todo, foi un elemento analizado ao longo da xornada organizada pola Real Academia Galega en novembro de 2023 baixo o nome *Voces da narrativa: diálogos entre novas voces das letras galegas*. Nese citado encontro, tanto na reunión previa a porta pechada coma nas conversas cruzadas abertas ao público entre dúos de autores/as sobre novelas propias, agromou esta cuestión xunto a outras que, como a autoficción, a autorreferencia, os espazos públicos ou as influencias narrativas, se foron sucedendo ao longo das charlas.

No referente ás conexións entre literatura e xornalismo, podemos situarnos na base de que ambas as dúas actividades parten dunha mesma materia prima —que non é outra que a realidade— para diverxer nos recursos, nos fins e nos medios. Podemos partir e partiremos, polo tanto, dunha premisa sinxela: son dúas manifestacións da escrita que teñen na súa causa a realidade, pero que resultan —ou deberan resultar— contrarias nos seus efectos, no seu resultado final e nos seus formatos, por moito que haxa transvases lexítimos destes elementos entre unha esfera e mais a outra. E por moito que un gran número de sinaturas que se plasman e se plasmaron ao longo da historia nos xornais de todo o mundo tamén viron, con maior ou menor éxito, proxectado o seu nome nas capas de volumes nas librarías e bibliotecas de todas as latitudes.

Se do exercicio xornalístico agardamos —con maior ou menor inxenuidade— conceptos como obxectividade ou rigor, no eido literario non hai garantía nin para un nin para outro termo. De feito, non hai garantía para outra cousa que aquilo que acabe por entrar nun pacto de ficción establecido entre quen ostenta a autoría e quen practica a lectura. Por moito que se produzan constantemente hibridacións entre ambos os dous ámbitos, por moito que os paralelismos sexan incontables, por moito que as autorías que escriben ou escribiron en xornais —xa sexa como xornalistas puros ou como colaboradores/as literarios/as en columnas máis ou menos lúcidas— e por moito que no exercicio xornalístico se produza

a diario o desprestixio, as negligencias ou a falta de vontade por tratar de aproximarse a metas en verdade inalcanzables como é o mito da obxectividade, a literatura e o xornalismo constitúen esferas diferentes, aínda que coincidentes en multitude de puntos. Se nos permitimos certo xogo de imaxes e metáforas, poderíase dicir que son dous siameses unidos por diferentes partes do corpo e imposibles de desatar. Condenados a entenderse e a convivir polo simple feito de partillar un mesmo ventre, aínda que respiren de forma independente un aire compartido.

Estas e outras premisas xurdiron ao redor da conversa mantida con Sica Romero, entre a súa novela *Avelaiñas eléctricas* e *Os corpos dos Romanov*. Este título, o máis recente da obra que dei por publicar até o día de hoxe, resultou o escollido para o diálogo da xa amentada xornada por confluír nel diferentes aspectos desta relación entre xornalismo e literatura, atravesada sempre polo prisma da formación académica e o exercicio profesional. Unha serie de aspectos que relatarei a continuación e que impregnaron a miña produción literaria ao longo dos anos.

De entrada, podemos situar como primeiro elemento a mecha. N'Os *corpos dos Romanov* preséntase unha historia de vidas cruzadas nun ambiente de excepcionalidade: a evacuación da cidade de Augsburgo no Nadal de 2016 tras a aparición dunha bomba sen detonar da segunda guerra mundial. O artefacto, soterrado durante sete décadas, apareceu durante os traballos de construción dun aparcadoiro subterráneo. O mísil, guindado polos avións británicos durante a intensa —e salvaxe— campaña aliada de bombardeos masivos sobre as cidades alemás co obxectivo de mirrar a vontade do pobo teutón cun castigo reiterado contra a poboación civil, agromou da terra como metáfora dos camiños que atopa o pasado para volver dun xeito ou doutro.

A esta metáfora, máis ben grosa e pouco sutil, uníronselle as imaxes difundidas polas televisións alemás, as axencias de noticias internacionais e, en última instancia, os medios máis próximos (galegos e estatais). En todas as informacións reproducíase un estado de excepcionalidade: 56 000 persoas evacuadas na festividade do Nadal, as rúas desertas, o centro urbano sitiado, o dispositivo policial e, en definitiva, a cidade baleirada. Todo este conxunto de estado de excepción significou a mecha para o inicio da escrita. Como acontece en incontable número de obras literarias, a orixe atopámola na realidade que nos transmite o xornalismo. *Os corpos dos Romanov* é só un caso máis.

Cómpre sinalar que o impacto desas imaxes, en 2016, significou o inicio dunha escrita demorada que se foi estendendo ao longo de todo un lustro. Tamén cómpre sinalar que, nese lapso de tempo, o significado desas imaxes —dese concepto de cidade baleirada— mudou por completo a raíz do vivido por gran parte da

humanidade que se viu obrigada, dun xeito ou doutro, a permanecer nos seus domicilios durante o xa chamado Gran Confinamento e a abandonar os espazos públicos. O significado das imaxes de Augsburgo de 2016 —que non deixaba de ser algo anecdótico— viviu unha transformación rotunda, dadas as circunstancias globais, dende o inicio da escrita até a súa conclusión. E se non mudou ese significado, si que mudamos nós tanto de forma individual coma dende o punto de vista colectivo.

Un segundo elemento propio dos mecanismos cos que xiran as engrenaxes do xornalismo cóase n'Os *corpos dos Romanov* a través dos procesos de documentación levados a cabo no decurso da escrita. Dadas as circunstancias e o interese por desenvolver un relato de vidas cruzadas de tres personaxes nesta cidade baleirada que foi Augsburgo no Nadal de 2016, requiríase unha aproximación detallada ao acontecido naqueles días. Para recadar esa información, resultaron ineludibles as visitas ás hemerotecas e a diferentes recursos dispoñibles dende institucións públicas. Loxicamente, para alguén que nunca antes visitara Augsburgo e que aínda non o fixo, as hemerotecas virtuais convertéronse nun recurso fundamental.

En concreto, as variadas e amplas informacións albergadas no portal web do xornal local de Augsburgo (*Augsburger Allgemeine*) supuxeron unha fonte imprescindible para trazar con claridade unha cronoloxía. Tamén o foron en menor medida os arquivos dixitais do *Münchner Merkur* ou do máis coñecido *Der Spiegel*. Por outra banda, as fontes oficiais das institucións do propio *land* de Baviera, así como do *Rathause de Augsburgo* (é dicir, o Concello) serviron como punto de apoio para acadar un marco sólido xeral. Durante anos, o consistorio desta cidade alemá mantivo aberto un portal dependente da alcaldía (xa desaparecido da Rede) no que se recompilaban —entre outros moitos aspectos de interese— preguntas frecuentes sobre a evacuación, mapas sobre a zona afectada, os horarios, lugares de acollida, teléfonos de asistencia, procederes varios, bases legais nos que se sustentaba a evacuación ou lugares de información continuada.

Todos estes recursos, que teñen en gran medida a súa orixe na actividade xornalística e documental do gremio informativo bávaro, serviron para que un autor galego establecese a estrutura na que se ía sustentar tanto a trama literaria coma as vidas plausibles de tres protagonistas que vivisen nesa cidade. Tres personaxes aos que, de súpeto e por mor dun explosivo de setenta anos atrás, se lles tronza a rutina nun Nadal calquera.

Esta vía de documentación dixital, factible hoxe por hoxe, permite unha proximidade e unha oportunidade de recreación de espazos e lugares reais que representan dalgún xeito un trazo diferenciador dos procesos de creación literaria que se poden dar na actualidade e que resultarían se non case imposibles, ben

máis complexos en etapas anteriores non tan arredadas no tempo. A explotación destes recursos virtuais, así como as ferramentas de tradución automática, complementouse con métodos tradicionais de consultas en bibliotecas e hemerotecas físicas. A información recadada empregouse como parte desta estrutura que mantén en pé o artefacto literario. Un artefacto literario que, ao tempo que percorre as rúas baleiras de Ausburgo, traza un periplo por diferentes episodios da historia de Alemaña: dende acontecementos evidentes da segunda guerra mundial até a Reunificación, pasando pola permanencia de tropas americanas no territorio xermano, a caída do Muro de Berlín, o discurso de Helmut Kohl en Dresde ou o tiroteo en Múnic, tamén en 2016, por citar algúns exemplos.

A inclusión destes e doutros feitos históricos constitúe parte da estrutura. Son dalgún xeito pano de fondo e escenografía. Serven para xustificar —ou explicar— a evolución dos diferentes personaxes —así como a das súas estirpes familiares— que transitan polas páxinas d'*Os corpos dos Romanov*. É dicir, son artificio e forman parte do artefacto. Ademais, fannos dende o punto de vista literario: procuran a verosimilitude para entrar dentro das marxes do pacto de ficción que se pretende establecer. E se precisamos expresalo todo, o que non procuran é o rigor esperable nun ensaio histórico, nunha peza informativa ou, en menor medida, nunha desas crónicas xornalísticas que hibridan entre ambos os mundos que, anteriormente, definimos como irmáns siameses.

Agora ben, ao respecto das facilidades e das novas fórmulas que permite a explotación de ferramentas dixitais como as anteriormente sinaladas, únense unhas preguntas que xa debemos realizarnos de cara ao futuro máis inmediato. Que influencia e que impacto terán no exercicio literario novas tecnoloxías —se é que non o están a ter xa— como a intelixencia artificial? Este novo campo está chamado a modificar usos, costumes e procedementos da inmensa maioría de profesións. Por vez primeira, vese que unha posible revolución tecnolóxica afectará de forma substancial os oficios de alta especialización. Tamén estamos a experimentar —de forma incipiente pero moi elocuente— os seus efectos en diferentes ramas artísticas e en traballos creativos. O exemplo máis claro é o que está a acontecer na ilustración. Cómpre realizarse estas preguntas no eido literario: cal será o efecto nos procesos de documentación, elaboración e creación dunha nova ferramenta que, parece, se incorporará pouco a pouco ao noso día como xa o fixeron con anterioridade plataformas dixitais, ferramentas informáticas, procesadores ou as omnívoras redes sociais. Mais estas interrogantes —non digamos as súas posibles respostas— son materias para textos doutra natureza e estudos de longo percorrido.

Volvendo á materia exposta nestas liñas, toca agora a quenda dun terceiro elemento para destacar: a utilización dos xéneros xornalísticos. N'Os *corpos dos Romanov* dáse a xa citada hibridación ao introducir diferentes xéneros no seu texto, aínda que se fai de forma máis sutil e de modo máis reducido que noutras obras da miña produción escrita. Neste campo, o caso máis rechamante sería a novela *Máscaras rotas para Sebastian Nell*, cuxa trama se reviste dunha longa entrevista realizada por unha xornalista pertencente á sección de cultura do diario inglés *The Guardian* a un tan destacado coma reputado actor británico completamente ficticio. Tamén, nesta liña podería encaixar *Con acuse de recibo*, novela por entregas que se adapta ás limitacións especiais e á periodicidade propia dos folletíns. Ou incluso tamén sería pertinente citar *Todos os días*, volume que reflicte —tomando de referencia o peche da cabeceira *Xornal de Galicia*— a maneira coa que morre un diario. Un deceso mercantil que funciona ao xeito de metáfora para subliñar como morre o xornalismo. Se é que algunha vez estivo esta disciplina realmente viva ou fóra dun coma profundo.

No caso d'Os *corpos dos Romanov*, a presenza dos xéneros xornalísticos resulta máis subterránea, na medida en que se introducen declaracións de personaxes reais en conferencias de prensa (é o caso do alcalde de Augsburgo entre 2008 e 2020, Kurt Gribl) e narracións xornalísticas aproximadas realizadas polas axencias de noticias do acontecido no xa citado atentado de Múnic. Ademais, incorpóranse episodios reais como as evacuacións de residencias de anciáns no perímetro de seguridade ou dos hospitais que tamén tiveron que ser baleirados. Fórmulas de redacción habituais na prensa escrita e puramente informativas, desprovistas de calquera nesgo ou intención literaria, introdúcense no texto emulando as novas propias dos medios. Principalmente, preténdese un contraste acusado entre dúas formas de escrita: por unha banda, a asepsia das axencias de noticias e, pola outra, a intención literaria habitual nas obras narrativas.

Un cuarto elemento que se abordou ao longo da xornada *Voces da narrativa*, sitúase fóra dos lindes da creación literaria, mais ten un velleiro claro co feito literario. Referímonos ao xornalismo cultural e todo o que podemos comprender que orbita ao seu redor: as críticas literarias, a difusión en medios tradicionais, as recensións ou entrevistas aos/ás autores/as. Tamén sería destacable incorporar a esta relación blogs de referencia, páxinas web especializadas na información literaria ou mesmo determinados perfís en redes sociais. Para abordar este aspecto, debemos iniciar cunha breve análise da situación do xornalismo cultural en Galicia dentro do sistema mediático. Unha situación que, sen querer caer demasiado no tremendismo, definiremos só como un terreo ermo.

En canto á prensa en papel, sinalaremos que agás *La Voz de Galicia* e *Nós Diario* —e cada un co seu ben claro campo de acción—, as cabeceiras galegas comparten un marcado carácter local. Así, as súas seccións de cultura ou ben non existen ou ben se subscriben á actividade cultural que se produce na súa demarcación informativa, primando así unicamente o xornalismo local. Nos casos amentados, a dedicación e coidado que *La Voz de Galicia* dispensa á esfera cultural —sobre todo, no referente á produción artística na lingua propia— pódese catalogar como residual. Ademais, minguou nos últimos anos coa reformulación do suplemento *Fugas* e coa máis arredada no tempo desaparición do suplemento *Culturas*. No caso de *Nós Diario*, o peso do espazo dedicado a aspectos culturais é moi relevante. Porén, o seu impacto na audiencia manexa as cifras que manexa.

Se miramos aos medios públicos, o estado das cousas é aínda máis preocupante. No ámbito televisivo, as informacións culturais fican limitadas a un único espazo: o *Zigzag*, emitido de luns a venres pola G2, que só nas fins de semana salta á primeira canle. En contadísimas ocasións a información cultural introdúcese nos —escasos— programas de produción propia da TVG —incluídos os telexornais— ou nos formatos que achegan as produtoras que sobreviven nutrindo a grella da canle pública. Este programa funciona, até certo punto, como reserva ou hábitat protexido. No caso da radio, a fragmentación do *Diario Cultural* non parece que sexa de grande axuda para a difusión cultural en xeral e a literaria en particular. Por último, atopamos portais webs con maior ou menor interese na produción cultural, como pode ser o caso de *Praza.gal* ou web especializadas en literatura, cun percorrido limitado.

De feito, o xornalismo cultural actualmente divídese practicamente en dúas clases. Por unha banda, un de trazo militante e de compromiso, no que o cuestionamento crítico é obviado co máximo coidado, e, pola outra, o xornalismo de axenda, que recae maioritariamente nos medios locais. Polo tanto, as sinaturas especializadas no eido cultural cada vez son menos e o seu impacto tamén limitado. Estes trazos producen unha serie de efectos sobre os libros e, principalmente, sobre a percepción que o lectorado pode chegar a ter dun libro. A falta de especialización implica que unha primeira entrevista ou unha primeira crítica (ou recensión, na maioría dos casos) vai establecer varios aspectos na (curtísima) vida mediática á que pode aspirar a inmensa maioría de títulos: establecerá unhas etiquetas, definirá unha serie de temáticas e marcará as preguntas de todas as entrevistas que se realicen a partir dese momento ao redor dun libro. Un libro que, na maioría dos casos, non será lido por unha prensa que, principalmente, está orientada á información local e cuxas rutinas informativas imposibilitan unha maior dedicación.

Por último, cómpre preguntarnos que impacto e que repercusión ten entre posibles lectores a publicación dunha crítica ou dunha información sobre un libro. En gran medida, resulta superfluo o efecto, por non dicir nulo. Na inmensa maioría dos casos —sempre haberá excepcións— terá a súa maior repercusión no propio sector e nos propios consumidores da información cultural, unha sección do xornal onde se produce con máis severidade que en ningunha outra un singular feito: as fontes e os lectores son practicamente os mesmos. Hai, até certo punto, un circuío pechado.

Este tipo de reflexións ao respecto do xornalismo cultural excede os límites do feito literario, mais orbita ao redor dos procesos creativos propios, materia que cada un dos autores e cada unha das autoras esmiuzou durante a xa citada xornada organizada pola Sección de Literatura da Real Academia Galega. De feito, tamén están presentes no libro menos xornalístico dos asinados por min: *A simetría das bestas*. Nesta obra, a protagonista é unha escritora que se enfrenta a unha enfermidade dexenerativa e que medita sobre o seu oficio. Tamén sobre a súa relación tanto cos seus lectores coma cos diferentes estamentos nos que se estrutura o sector editorial. A protagonista chega a sentenciar que os xornalistas se dividen en dúas clases: “Están os que len e os que non len. Pero que lean non é garantía de nada”. Se cadra, unha reflexión así poida servir tamén para o conxunto do oficio da escrita e para os procesos de creación literaria, pertenzan á xeración que pertenzan.